



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. Del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte de setembro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores deputados don Xosé María Arias Fernández, don Daniel García Fernández, don Iván Castro Díaz e don Carlos López López.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	1/86



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de setembro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TERMAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ENVELLECIMENTO ACTIVO LUGOTERMAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal, consta no mesmo:


Providencia de inicio, con CSV: IV7U632LDMV23KEZTRIGEAKHII.
Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7U632NLIXIJ2HTRUFCKA2XEI.
Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7U632NLMGDV36SWVNMP4HEIY.
Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7U4PTJHZUZ3HOZU77QKR3U6Q.
Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7UYLR7LF53XWET4LQQIFXR6E.
Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7UYOXLHUI7WTP2UAOUD4SREY.
Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7UYPD SHRJ7XGXL6Z5BCQK65Y.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos termais para o desenvolvemento do programa de envellecemento activo Lugotermal. 2024/CON_02/000060.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	2/86





mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con pluralidade de criterios, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse os convites aos licitadores que se indican a continuación:

LOTE	ESTABLECEMENTOS DE AUGAS TERMAIS	CIF	REXISTRO SANITARIO
1	MADRID AIRPORT HOTELES, S.L.	B-88236633	C-27-001398
2	BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L.	B-27295898	C-27-000137
3	HOTEL BALNEARIO AGUAS SANTAS, S.L.	B-27290717	C-27-000727
4	BALNEARIO DO RIO PAMBRE, S.L.	B- 27249598	C-27-000326

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 110.550,00 €, aos que se engadirá o IVE (10%) de 11.055,00 €, o que fai un total de 121.605,00 €. O gasto financiarase segundo consta no informe de consignación da Intervención con CSV: IV7U4PTJHZU3HOZU77QKR3U6Q.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA DE VALORACIÓN ECONÓMICA E ADAPTACIÓN A PREZOS DE MERCADO DE ACCIÓNS DE PATROCINIO DEPORTIVO DA ÁREA DE DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO.


Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da asistencia técnica de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de accións de patrocinio deportivo da Área de Deportes da Deputación de Lugo, expediente nº 2024/CON_02/000057, consta no mesmo:

1.- Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UY2PTBR5YL5J55UYVODXBIE¹.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	3/86



- 2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7UY2PT3Y6ZWTHY5XVSADQHMU.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7U4PZMMENOXGJDSBFMB3ZRAM.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7UYAHIZBR5QXNP234TIFKUGI.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7UYAH03VWOZGVT6JOUF4JHIU.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación do servizo de asistencia técnica de valoración económica e adaptación a prezos de mercado de accións de patrocinio deportivo da Área de Deportes da Deputación de Lugo, expediente N° 2024/CON_02/000057, por un período de dous anos, con previsión de dúas prórrogas anuais.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobación e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobación do gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 25.724,93 euros, aos que se aplicará un IVE do 21% (5.402,23 €), o que fai un total de 31.127,16 euros, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2024: 4.600,00
 Anualidade 2025: 18.800,00

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	4/86





Anualidade 2026: 7.727,16

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2024, polo importe relacionado, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2025 e 2026 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas no informe de intervención con CSV: IV7U4PZMMENOXGJDSBFMB3ZRAM.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA INCORPORAR O SERVIZO DE VIXILANCIA NAS INSTALACIÓNS E RECINTOS ADSCRITOS GRANXA GAYOSO CASTRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que se conteñen os seguintes extremos:

“*Antecedentes.*

1.- Acordo da Xunta de goberno de data 30 de setembro de 2022, con CSV IV7A4GX5NB6CJLNT43QWGV7KA, polo que se aproba o expediente de contratación do servizo de seguridade e vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial, 2022/CON_02/000050, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

2.- Acordo da Xunta de Goberno, de data 23 de xuño de 2023, con CSV IV7O2PXMBYFYUX7Z6EAUKMYFO4, de adxudicación definitiva do contrato á empresa Ilunion Seguridade SA.

3.- Contrato administrativo asinado con data 24 de agosto de 2023, con CSV MRhe0oNtWvEleUyShN1qXw==.

4.- Acta de inicio, con CSV jXOPK/kQOEaD36sjTOVSEg==, na que se indica que a prestación do servizo comeza o día 1 de setembro de 2023.

5.- Solicitud, de data 7 de agosto de 2024, da Directora da Granxa Gayoso Castro, con CSV IV7U63SIPRMJFE3A4MDG3XWGI, dun servizo de vixilancia de seguridade especializado que preste servizos nas instalacións e recintos adscritos á Granxa Provincial:

Horario: Desde as 21:30 horas ata as 07:30 horas do día seguinte os 365 días ao ano. Vixilancia das distintas instalacións e parcelas que alberga a Granxa, tales como, zona de oficinas, centro de recría loura galega, almacéns, silos, nave experimental e

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	5/86



instalacións anexas, psiquiátrico, recintos valados que albergan o gando no exterior, #etc...

Inclúese neste orzamento dispor dun vehículo 4x4 con ponte luminosa para a realización das roldas apto para camiños agrícolas, tarxeta de combustible do vehículo, linterna de longo alcance, medios de defensa regulamentarios, EPIS e teléfono coa aplicación do servizo de seguridade da Deputación para o control de fichaxes, sistema alarma home morto e botón de pánico.

Instalaranse controis de fichaxe que verificarán a realización das roldas na frecuencia que se determine para o percorrido das zonas da leira.

Inclúense 2 visitas mensuais do Coordinador de Seguridade para a supervisión da correcta prestación do servizo.

6.- Informe do responsable da Unidade de Vixilancia e Portería, de data 4 de setembro de 2024, con CSV IV7U6CZLZVZYQXV3CAEN6QDVOI, sobre estudo de custes do servizo solicitado, non viabilidade dun cambio de contratista e explicación da causa imprevista que xustifica a modificación contractual.

7.- Informe de Intervención, de existencia de consignación orzamentaria con CSV IV7UY22ZFNGJ7VMS6EVFAPXTO4.

Normativa aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei 5/2014, do 4 de abril, de Seguridade Privada (LSP).


Real Decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade Privada (RSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xuridicas.

Primeira.- É de aplicación a esta modificación o artigo 205 da LCSP (Modificaciónes no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares: prestaciones adicionales, circunstancias imprevisibles y modificaciones no sustanciales).

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	6/86





A causa imprevista que xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan á tramitación da modificación non prevista por prestacións adicionais, consta na solicitude da Directora da Granxa Gayoso Castro:

(...) Así mesmo a Granxa conta con diversos recintos onde se alberga o gando, tanto gando de raza Rubia galega, o rabaño de raza cachena e diversos recintos que acollen o rabaño de gando frisón que se atopa en período seco e as xovencas de raza frisoa, así coma un rabaño de gando equino de gando de Pura Raza Galega incorporados en abril do ano 2024 á Granxa Gayoso Castro de importante valor e interese.

Así mesmo a Deputación Provincial de Lugo adquiriu nos últimos anos diversa maquinaria de elevado valor, entre eles un carro mesturador para elaboración das racións do gando, adquirido no ano 2022, e unha cisterna distribuidora de puríns que incorpora tecnoloxía 4.0 e outras novedosas prestacións que se adquiriu en xullo do ano 2024 (...).

Segunda.- Cúmpanse os requisitos establecidos no apartado 1 do artigo 205:

- a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.
- b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

En concreto, a modificación ten encaixe no suposto a) do apartado segundo do artigo 205: “Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados.

Danse os requisitos esixidos pola Lei para a aplicación deste suposto:

1.º Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

Xustifícase no informe da Unidade de Vixilancia e Portería “que o cambio de contratista non sería viable, xa que tal e como se recolle na Memoria xustificativa da contratación do servizo queda xustificado que o servizo de vixilancia das distintas dependencias o realice a mesma empresa, motivado nas seguintes circunstancias (...)”, describíndose no informe ditas circunstancias de seguido.

2.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do actual contrato do servizo de vixilancia nas distintas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, a Unidade de Vixilancia e Portería realizou un estudio de custes, partindo dos importes aprobados que figuran no expediente de contratación aprobado na Xunta de Goberno de data 30 de setembro de 2022, do convenio colectivo aplicable e dos prezos de mercado, resultando os seguintes importes totais:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	7/86



Total servizo anual sen IVE	83.071,48 euros
IVA	17.445,01 euros
Total servizo anual IVE engadido 83.071,48+17.445,01 =100.516,49	100.516,49 euros/ano
Custe/mes IVA engadido	8.376,37 euros/mes

Polo tanto, esta modificación do contrato supón un incremento de aproximadamente o 3,12% no prezo do contrato, pasando de 2.439.820,46 (sen IVE) euros a (2.439.820,46+76.148,85= 2.515.969,31 euros), sendo a data estimada de efecto da modificación o día 01/10/2024 ata o vencemento da vixencia do contrato a 31/08/2025, polo que restarían 11 meses da duración inicial do contrato.

Terceira.- Consta no expediente a conformidade do contratista, aínda que esta modificación sería obrigatoria para o contratista, en aplicación do artigo 206 da LCSP, xa que a súa contía non excede do 20% do prezo inicial.

Cuarta.- En canto as especialidades procedimentais, para este tipo de modificación, veñen recollidas no artigo 207.3 da LCSP, que se reproduce a continuación:

Los órganos de contratación que hubieran modificado un contrato que esté sujeto a regulación armonizada, a excepción de los contratos de servicios y de concesión de servicios enumerados en el anexo IV, en los casos previstos en las letras a) y b) del apartado 2 del artículo 205 deberán publicar en el «Diario Oficial de la Unión Europea» el correspondiente anuncio de modificación conforme a lo establecido en esta Ley.

Asimismo los órganos de contratación que hubieren modificado un contrato durante su vigencia, con independencia de si este está o no sujeto a regulación armonizada y de la causa que justifique la modificación, deberán publicar en todo caso un anuncio de modificación en el perfil de contratante del órgano de contratación en el plazo de 5 días desde la aprobación de la misma, que deberá ir acompañado de las alegaciones del contratista y de todos los informes que, en su caso, se hubieran recabado con carácter previo a su aprobación, incluidos aquellos aportados por el adjudicatario o los emitidos por el propio órgano de contratación.

Neste caso estamos ante un servizo de vixilancia que está incluído dentro dos servizos enumerados no Anexo IV tendo en conta o CPV: 79710000-4: Servizos de Seguridad e CPV 79714000-2: Servizos de Vigilancia, polo que non existe a obriga de publicar a modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

Quinta.- Non é de aplicación o artigo 191.3 (informe preceptivo do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma), xa que a contía da modificación non supera o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e o seu prezo non é igual ou superior a 6.000.000 de euros.

Sexta.- A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 109.3 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	8/86





dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

Sétima.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Oitava.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión.


En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito, a modificación contractual do servizo de vixilancia nas distintas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, para incorporar o servizo de vixilancia nas instalacións e recintos adscritos da Granxa Gayoso Castro, unha vez fiscalizado o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato, cun aumento do prezo de adxudicación en 76.148,85 euros máis 15.991,26 euros en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un importe total de 92.140,11 euros, IVE incluído, para o período de 01.10.2024 ao 31.08.2025, sen prexuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar, e mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Adxudicar este modificado á empresa Ilunion Seguridad, S.A., con CIF A-78917465, que prestou a súa conformidade ao mesmo segundo consta en documento incorporado ao expediente.

O desglose por anualidades sería o seguinte:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	9/86



ANUALIDADE 2024 (3 meses)	25.129,12euros
ANUALIDADE 2024 (8 meses)	67.010,99 euros
IMPORTE TOTAL DA MODIFICACIÓN (CON IVE)	92.140,11 euros

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade indicada de 67.010,99 euros.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente.

A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (3.807,44 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

Formalizar dita modificación en documento administrativo.

Publicar o anuncio de modificación do contrato no perfil do contratante no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma segundo o disposto no artigo 207.3 da LCSP”.

En base ao que vai dito, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación do contrato, cun aumento do prezo de adxudicación en 76.148,85 euros máis 15.991,26 euros en concepto de IVE (21%) o que ascendería a un importe total de 92.140,11euros, IVE incluído, para o período de 01.10.2024 ao 31.08.2025, sen prexuízo das posibles prórrogas que se poidan aprobar, e mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

2º.- Adxudicar este modificado á empresa Ilunion Seguridad, S.A., con CIF A-78917465, que prestou a súa conformidade ao mesmo segundo consta en documento incorporado ao expediente.

O desglose por anualidades sería o seguinte:

ANUALIDADE 2024 (3 meses)	25.129,12euros
ANUALIDADE 2024 (8 meses)	67.010,99 euros
IMPORTE TOTAL DA MODIFICACIÓN (CON IVE)	92.140,11 euros

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	10/86





financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 a cantidade indicada de 67.010,99 euros.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e régulanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente.

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resgardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 5% do prezo da modificación, excluído o IVE (3.807,44€), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Formalizar dita modificación en documento administrativo.

5º.- Publicar o anuncio de modificación do contrato no perfil do contratante no prazo de 5 días dende a aprobación da mesma segundo o disposto no artigo 207.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de A Pastoriza, solicitando modificación de proxecto/ memoria de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.


Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Pastoriza no que solicita a modificación de proxecto/ memoria de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Página	11/86



3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/03/2023, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PASTORIZA	227	EQUIPAMENTO DE HOSTELARÍA, MOBILIARIO E EXPOSICIÓN NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ALTO MIÑO, INCLUÍDO HONORARIOS	---	21.629,81€	21.629,81€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de A Pastoriza a través de escrito de data 11/09/2024 solicita:

a) A modificación do proxecto/memoria do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, concretamente o investimento nº 227, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... por unha nova distribución de espazos...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PASTORIZA	227	MODIFICADO DE EQUIPAMENTO PARA MOBILIARIO OFICINA E EXPOSICIÓN NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ALTO MIÑO, INCLUÍDO HONORARIOS	---	21.629,81€	21.629,81€

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no PUC, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2023, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de A Pastoriza que se sinala, quedando incluído no Plan Único 2023.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Página	12/86





E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Pastoriza, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto/memoria do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A PASTORIZA	227	MODIFICADO DE EQUIPAMENTO PARA MOBILIARIO OFICINA E EXPOSICIÓN NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ALTO MIÑO, INCLUÍDO HONORARIOS	---	21.629,81€	21.629,81€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta ciclista a España 24”.


Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

“Asunto: Informe favorable.

Visto o escrito remitido por D^a Jorge Bustos Atanasio, actuando na condición de Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo (EXP-2024/OSB_01/000042), no que solicita a formalización dun convenio coa Deputación de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Volta ciclista a España 24” por importe total de 23.670,90 € (dos que 22.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, informase o seguinte:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Página	13/86



Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).


Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden."

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	14/86





asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.


Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1. a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	15/86



acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	16/86





1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- "1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público-público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público-público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico-administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	17/86



Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Lugo, consonte ao establecido no artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local “Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiración da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “(...) h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, (...), l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, m) Promoción da cultura e equipamentos culturais (...)”.

Terceira.- O borrador do convenio adecúase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2024.

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta informe favorable de Intervención, por importe de 22.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente a tramitación do expediente.”

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	18/86





Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta ciclista a España 24” por importe total de 23.670,90 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Volta ciclista a España 24”.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Alcaldesa do Concello de Lugo, con N.I.F P2702800J e sede social na Praza Maior, 1, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	19/86



dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:


1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1. a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	20/86





preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:


- “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	21/86



Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)". En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL "a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden."

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	22/86





A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público-público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico-administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.


Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación: VOLTA CICLISTA A ESPAÑA 24	
GASTOS OBXECTO DE COFINANCIACIÓN	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Publicidade en prensa escrita	1.280,85 €
Lonas e publicidade visual	1.331,00 €
Aluguer de sanitario	1.052,70 €
Reforzo de limpeza	4.199,91 €
Reforzo de servizos de seguridade	9.280,00 €
Material e instalacións eléctricas	6.526,44 €
CUSTE TOTAL	23.670,90 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	23/86



Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
22.000,00 €	1.670,90 €
TOTAL: 23.670,90 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lugo.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese cooperar no financiamento da “Volta Ciclista a España 24” que é evento con proxección a nivel mundial.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:


1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

4.2. O Concello de Lugo.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido.
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	24/86





7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 22.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Lugo efectuará unha achega de 1.670,90 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade compartida posto que os efectos a nivel deportivo, cultural, turístico, económico e social beneficiarán directamente aos veciños e veciñas da provincia de Lugo.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2025 Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.


A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolva e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	25/86



públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que se cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	26/86





A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	27/86



- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control. Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométese a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	28/86





Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.


Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio, en triplicado exemplar, que consta de 10 páxinas, do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 22.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente Orzamento Xeral.”

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	29/86



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adecuación e pavimentación camiño de Teo-Parteme”, ano 2024.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Asunto: informe favorable.

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Quiroga (EXP- 2024/PES_03/013996) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adecuación e Pavimentación camiño Teo-Parteme”, ano 2024, por importe total de 38.847,94 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.


Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	30/86





económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.


Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	31/86



principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	32/86





Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumplimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.


3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei."

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financiera e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	33/86



estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público - público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..." e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Quiroga, consonte ao establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecúase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno, de data 2 de febreiro de 2024, coas adaptacións necesarias dado que debe acreditarse, coa solicitude de anticipo e coa conta xustificativa, que conta coas autorizacións dos propietarios para executar as obras nos seus terreos.

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	34/86





Quinta.- Consta informe favorable de Intervención, por importe de 38.847,94 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En base ao anteriormente exposto se informa favorablemente a tramitación do expediente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adecuación e pavimentación camiño de Teo-Parteme”, ano 2024 por importe total de 38.847,94 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Quiroga para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adecuación e pavimentación camiño de Teo-Parteme”, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don José Luis Rivera Castro, Alcalde do Concello de Quiroga, con N.I.F P2705000D e sede social na Rúa Real, 52, CP 27320, Quiroga (Lugo), actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	35/86



Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:


“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	36/86





ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.


Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Página	37/86



Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	38/86





co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualo legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Quiroga, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	39/86



Actuación:	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Adecuación e pavimentación camiño de Teo-Parteme	38.847,94 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
38.847,94 €	0,00 €
TOTAL: 38.847,94 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Quiroga.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese a recuperación do camiño de Teo en Parteme para favorecer o acceso dos veciños e veciñas no caso dunha urxencia sanitaria, incendio ou como vía secundaria de acceso o pobo no caso de que a vía principal estea obstaculizada.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

4.2. O Concello de Quiroga.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Quiroga, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Página	40/86





4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
5. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2024 ata o 31 de outubro de 2025.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 38.847,94 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Quiroga financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do Concello de Quiroga.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Quiroga se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.


A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	41/86



c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).

(O modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio).


Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Certificación do Secretario da entidade onde se relacionen todas as autorizacións dos propietarios onde se vaian realizar as obras, e de ser o caso, o importe correspondente ao tramo onde non se executen as obras por carecer das autorizacións dos respectivos propietarios.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	42/86





Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que o concello cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias).

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

4. Certificación do Secretario da entidade onde se relacionen todas as autorizacións dos propietarios onde se vaian realizar as obras, e de ser o caso, o importe correspondente ao tramo onde non se executen as obras por carecer das autorizacións dos respectivos propietarios.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.


A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	43/86



Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.


Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Página	44/86





Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.


Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	45/86



“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio, en triplicado exemplar, do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 38.847,94 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- *Proposta de aprobación de convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para o desenvolvemento da organización da III feira de olaría “Lugo tradicional Folt”, no ano 2024.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Visto o informe do Centro de Artesanía e Deseño da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, relativo ao convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo e, coa finalidade común de cooperar no financiamento dos gastos derivados da organización da III Feira de Olaría “Lugo Tradicional Folt”, ano 2024 que dispón o seguinte:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	46/86





En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Dona Tereixa Antía Ferreiro Tallón, Tenente Alcaldesa da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, achega solicitude o día 09 de xullo de 2024 con nº de rexistro de entrada 2024/RT013266 no que solicita unha “Cooperación horizontal (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de: Organización da “III Feira de Olaría: Lugo Tradicional Folt 2024” para o que achega a documentación que se relaciona a continuación:

Solicitude de convenio de cooperación.

CIF do Concello de Lugo.

Memoria explicativa, orzamento detallado e financiamento da actividade.

Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, a Facenda Autonómica, Seguridade Social, impostas polas disposicións legais vixentes. E de telas, que tales obrigas están garantidas.

Declaración de estar ao corrente de pago e non ter, por tanto, débeda algunha en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo.

Declaración de estar ao corrente de pago e non ter, débeda algunha coa Xunta de Galicia.

Declaración responsable de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro derivada de procedemento de reintegro de axudas públicas.

Declaración de non ter outras subvencións ou axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.


FONTES DE FINANCIAMENTO	IMPORTE
ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	18.000,00 €
FONDOS PROPIOS	462,00 €
Outras fontes de financiamento	0,00 €
TOTAL	18.462,00€

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

Segundo.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	47/86



mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Terceiro.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”. (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

Cuarto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da citada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Quinto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.


O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	48/86





Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os firmantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

Sexto.- A colaboración coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1. a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Nesta mesma liña de potenciar a colaboración entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co art. 193.2 da Lei 5/1997" - LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: " 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados (...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Sétimo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	49/86



(art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Oitavo.- O Concello de Lugo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera: m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

Debe terse en conta o artigo 1 da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia onde se di que o patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Debe terse en conta, ademais, o artigo 9.3 da citada lei onde se di que se consideran bens de patrimonio inmaterial a todos os efectos desta lei entre outros a lingua como vehículo de patrimonio cultural e inmaterial, as tradicións e expresións orais, as artes e do espectáculo en especial a danza e a música; os usos sociais, rituais, cerimoniais e actos festivos.

Noveno.- De conformidade co establecido no artigo 25.2 da LBRL, a lexislación sectorial de Galicia no ámbito cultural establece, polo que aquí interesa, a seguinte regulación:

A lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

no seu artigo 3.2 establece que:

«As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de:

Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.»

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	50/86





Así mesmo, o artigo 9.3 da citada Lei, -Natureza dos bens-, reflicte que se consideran bens do patrimonio cultural inmaterial para os efectos desta lei:

«a) Os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais que lles son inherentes, que as comunidades, os grupos e nalgúns casos os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural, e en particular:

7º. As técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos.»

Así mesmo a propia Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que recolle o seguinte:

Artigo 2 -competencias e políticas sectoriais- “(...) 2. As distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme ao establecido nesta Lei, (...)”.

Artigo 3 -colaboración interadministrativa- “(...); 2. As entidades que integran a administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: a) protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural; (...)”.

Décimo.- O Concello de Lugo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato e na execución, deberá respectarse polo Concello de Lugo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza conforme ás esixencias legais para cada gasto corrente.


A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 18.000,00 € para afrontar os gastos correntes que se deriven da execución deste Convenio e o cumprimento dos seus fins dacordo coa actuación que figura na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 2413.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024.

O Concello de Lugo comprometerase para a execución do convenio, a efectuar unha achega de 462,00€ e a financiar, no seu caso, o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e ao cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira do citado convenio.

Décimo primeiro.- Compre lembrar que o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, determina que, en particular, “non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto reparto de competencias nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997”, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.

Sinalar que o convenio de cooperación se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, cooperación admitida tanto pola lexislación do réxime local

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	51/86



estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de cooperación pública horizontal (público - público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, que é a dotación aos veciños do Concello de Lugo, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de cooperación nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas:

ANUALIDADE	FONTES DE FINANCIAMENTO	IMPORTE
2024	ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	18.000,00€
	FONDOS PROPIOS	462,00 €
	Outras fontes de financiamento	0,00 €
TOTAL		18.462,00€

Esta relación bilateral de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan o dificulten que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, removendo os obstáculos que o impidan.

Décimo segundo.- Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE que sinala que, “ quedan excluídos do ámbito da presente lei os convenios cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melillas, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Décimo terceiro.- En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59.18 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo, trátase dunha competencia que corresponde á Xunta de Goberno.

Polo que informo favorablemente o convenio de Cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a Cooperación no financiamento dos gastos derivados da organización da III Feira de Olaría “ Lugo Tradicional Folt” por un importe de 18.000,00 € (a financiar pola Deputación Provincial de Lugo con cargo a aplicación orzamentaria 2413.46200 do vixente orzamento xeral.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	52/86





Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo consistente na Organización da III Feira de Olaría: “Lugo Tradicional Folt” no ano 2024 cun importe total de 18.462,00 € co seguinte teor literal:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Organización da III feira de olaría Lugo tradicional Folt 2024” no Concello de Lugo, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e no seu nome don Efrén Castro Caloto, Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial de Lugo en virtude de Resolución desta Presidencia de data 14 de xullo de 2023.

E doutra dona Tereixa Antía Ferreira Tallón Tenente da Alcaldesa do Concello de Lugo, con N.I.F P2702800-J e sede social na Praza Maior núm 1 CP 27001 Lugo actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	53/86



Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:


1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1. a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	54/86





voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	55/86



provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.


A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	56/86





estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público - público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
ORGANIZACIÓN DA III FEIRA DE OLARÍA "LUGO TRADICIONAL FOLT 2024"	18.462,00 €
CUSTE TOTAL	18.462,00 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
18.000,00 €	462,00 €
TOTAL: 18.462,00 €	

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	57/86



As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Lugo.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese promocionar no territorio de Lugo e na súa contorna a importancia da artesanía e, en concreto, a través da III Feira de Olaría “Lugo Tradicional Folt 2024” o coñecemento da olaría tradicional como a manifestación máis tanxible do patrimonio inmaterial dun territorio , máis alá do medio de subsistencia para os artesáns/ás, para configurarse como un medio de expresión da súa creatividade e identidade territorial.

4.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.

4.2. O Concello de Lugo.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Lugo , comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	58/86





9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A) Achegas.

1.- Achega da Deputación.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 18.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2413.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello.

O Concello de Lugo efectuará unha achega de 462,00€ e e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de compartida, posto que os efectos a nivel da artesanía, cultural, e económico ou social, así como a divulgación da artesanía e o impulso da comercialización do produto artesán, son comúns e benefician ao municipio de Lugo e aos limítrofes e, en xeral, a toda a provincia.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Lugo se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2025. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:


a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolva e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	59/86



e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(O modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

Declaración responsable emitida polo/a representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(O modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio).

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria, un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que de cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(O modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio).


3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2024 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	60/86





xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio, xa sexa por cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución, efectuarase por resolución presidencial.

Décimo.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	61/86



e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control. Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométese a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	62/86





Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.


E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 18.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2413.46200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DISTINTAS FACTURAS.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	63/86



Proposta de validación do gasto, do Servizo de Benestar Social, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese á factura que seguidamente se relaciona que foi conformada polo responsable do Servizo de Benestar Social e Igualdade acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Nº DE FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
GAL24 2024/GAL24/281	01-08-2024	37.639,38€ + 1.505,58€ IVE=39.144,96€	CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA 2024 FAC_01/002925	SERVIZO	01/06/2024 AO 25/07/2024

Vista Memoria Xustificativa emitida polo Servizo de Benestar Social e Igualdade con data 05.08.2024 con CVV IV7URTLDLTZDLCJ5UAPCKBD664, sobre a necesidade do gasto efectuado, e as causas polas que se incumpriu procedemento xurídico-administrativo, manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axusta os prezos de mercado e que se corresponden con gastos estritamente necesarios para a execución das prestacións provinciais, así como, que se mantiveron as condicións do contrato finalizado.

Visto Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 07.08.2024 con CVV IV7USSSBVPDXWZ46EASEEKCME no que consta que o gasto figura no plan de contratación anual e que a factura non cumpre os requisitos sinalados do artigo 118.1 da L.C.S.P. para contratos menores.


Visto informe do Servizo de Contabilidade e Contas de data 30.08.2024 CVV IV7U6SHLEF6DLWX4TRM4EVT6OM, no que dí:

“Que existe consignación suficiente e axeitada na aplicación orzamentaria 2314.48910 e co apunte contable ADO 92024/8616 para a factura numero GAL24 2024/GAL24/281 de data 01.08.2024 por importe de 37.639,38 € máis o IVE 1.505,58 € IVE suma un total de 39.144,96 €”

Visto informe do Servizo de Intervención de data 02.09.2024 con CVVIV7U63ZLZRVPJH7LXVGFOZ37OM por omisión de fiscalización de obrigas con contrato vencido, no que dí:

“Logo de ver ás facturas que se relacionan, e visto memo ria do Servizo de Benestar Social e informe do Servizo de Contratación e Fomento e demais documentación que figura no expediente, no que consta o seu inicio ou a previsión na planificación contractual, e a continuidade axeitada na tramitación do novo procedemento de contratación ou a súa adxudicación, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade provincial,

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	64/86





a que subscribe, en exercicio da función interventora do artigo 214 do TRLRFL, o art. 3 e ss do RCI e o art.4.1 do RD 128 emite informe de omisión de fiscalización previa limitada, segundo o disposto no artigo 28 do RCI e na base 20.3 de execución do orzamento de 2024, suspendendo a tramitación en canto non se coñeza e resolva dita omisión pola Presidencia.”

Vista a Resolución da Presidencia de data 10.09.2024 con CVV IV7U7XRON5HOZLR57UUQOZYT64 no que se resolveu:

- “1- Que se continúe co procedemento.
- 2- Que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 39.144,96€ (IVE engadido) , segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Validar o gasto aprobando as prestacións executadas, recoñecendo as obrigas e proponendo o pagamento da factura numero GAL24 2024/GAL24/281 emitida por Servicios Teleasistencia S.A, de data 01.08.2024 con número de GT2024 FAC_01/002925 polos servizos realizados no período comprendindo dende o 01.06.2024 ata o 25.07.2024 por un importe total de 39.144,96 € (IVE engadido).

2º.-Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, DE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ALUGUEIRO E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DISPOÑIBLE DE VIVENDAS NO RURAL NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 26 de xaneiro de 2024 aprobase en Xunta de Goberno as Bases para o fomento do alugueiro e a creación dunha bolsa dispoñible de vivendas no rural na execución do programa “Y para vivir Lugo”, anualidade 2024. Ditas bases publícanse con data 31 de xaneiro de 2024 no BOP número 026.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	65/86



“(...)

O obxecto desta convocatoria é crear unha bolsa de aluguer de vivendas para promover e fomentar o aluguer nos concellos da provincia de Lugo que contén con menos de 5.000 habitantes, priorizando os concellos “piloto” do programa “Y para vivir Lugo” de A Fonsagrada, O Valadouro e Xermade, actuando como mediadores e facilitadores, técnicos da área de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

(...)”

Considerando que atendendo á Base 3 do proxecto, a axuda consistirá na cantidade única de 600,00 euros por cada inmovible que se poña a disposición da bolsa de aluguer durante un período de compromiso de permanencia de 3 anos.

O prazo de presentación de solicitudes, segundo o indicado na Base 8, é dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito abondo, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP e en todo caso respectando a vixencia do programa “Y para vivir Lugo”, previa modificación das bases. Este prazo foi ampliado, con data 23 de febreiro de 2024, antes do remate do prazo de solicitude, ata o día 15 de marzo de 2024.

Considerando que con data 7 de xuño de 2024 apróbase mediante acordo de Xunta de Goberno a listaxe de beneficiarios para o fomento do alugueiro e a creación dunha bolsa dispoñible de vivendas no rural na execución do programa “Y para vivir Lugo”. A dita listaxe publícase no BOP primeiramente coma provisional (Núm. 132 do 8 de xuño de 2024) e posteriormente coma definitiva (Núm. 146 de 25 de xuño de 2024) ó non presentarse alegacións.


Na dita listaxe aparecía coma única beneficiaria María Teresa Lastra Magadan con NIF 33321423N.

Considerando que con data 2 de agosto de 2024, a beneficiaria María Teresa Lastra Magadan presenta renuncia a subvención concedida e á participar no programa Y Para vivir Lugo. Neste sentido, cabe indicar que no momento da renuncia a beneficiaria non recibira cantidade ningunha en concepto de subvención.

Por todo o anterior, propónse que a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a renuncia de María Teresa Lastra Magadan como beneficiaria da subvención concedida para o fomento do alugueiro e a creación dunha bolsa dispoñible de vivendas no rural na execución do programa “Y para vivir Lugo”, tendo en conta que no momento da renuncia a beneficiaria non recibira ningunha cantidade en concepto de subvención.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	66/86





2º.- Notificar o dito acordo conforme ó disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente 2024/XEN_01/002422 relativo ás Bases e convocatoria das autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato mediante concorrencia pública, de data de 26 de agosto de 2024, e con CSV: IV7U4CJ7PJELVDRPSZ4AKQTS4E.

Baixo a denominación de hortos urbanos do parque do Rato reférense as parcelas de titularidade provincial que están inscritas baixo o epígrafe un, folio oitenta e nove do Libro Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Lugo, situadas no concello de Lugo e cualificadas xuridicamente como bens de dominio público, estando indentificadas mediante as seguintes referencias catastrais:


Lugar: Concello de Lugo	Referencia catastral
Parque do Rato	27900A531000340000WE
Parque do Rato	27900A531000330000WJ
Parque do Rato	27900A531000350000WS

Así consta no Certificado do Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación, expedido o 9 de marzo de 2021, baixo o CSV: IV7H6YKTYBJSWSEDAQP4EASW6Y.

Tendo en conta a consecución dos obxectivos e finalidades deste procedemento que baixo o informe CSV: IV7U63Z5D5V05ZGMSMWU4BBSCY do 2 de setembro de 2024 sinala o Servizo de Medio Ambiente, que realiza a proposta das bases que rexerán o procedemento de autorización de uso dos hortos vacantes e da elaboración, de ser o caso, da correspondente listaxe de agarda ou reserva para a adxudicación de parcelas que queden vacantes debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Tendo en conta os informes asinados pola Secretaria Xeral e a sección de Patrimonio o 6 de setembro de 2024 baixo o CSV: IV7U6KSLEFFC72ETSAIROBKBKI se conclúe: “estímase que o presente procedemento de outorgamento de autorización, en réxime de concorrencia, e os seus pregos reitores adecúanse á lexislación vixente e poderán someterse á aprobación da Xunta de Goberno.”

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	67/86



Tendo en conta o informe de 9 de setembro de 2024 emitido pola Intervención provincial con CSV: IV7U7TYJPJOZLLWC4BADKEXS4M que indica que: “En relación á convocatoria para a concesión de autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do Río Rato (6ª fase), esta Intervención informa que non supón ningún gasto nin ingreso, polo que non está suxeito a fiscalización limitada previa.”

Polo exposto, en base aos expresados informes e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020, procédese a establecer as bases que rexerán o procedemento para a concesión de autorizacións de uso dos bens de dominio público provincial denominado Hortos do Parque do Rato mediante concorrencia pública, a cuxos efectos propónse, á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos denominados Hortos urbanos do Parque do Rato mediante concorrencia pública, coa publicación do correspondente anuncio no BOP, tal e como establece o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Polo anterior ábrese o prazo de 10 días hábiles, dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no BOP, para a presentación de solicitudes para obter unha autorización de uso de un Horto urbano do Parque do Rato.

2º.- Aprobar as seguintes Bases pola que se rexera o anterior procedemento:

1. Obxecto.

Os Hortos Urbanos do Parque do Rato están situados no Concello de Lugo nas parcelas catastrais:

27900A531000340000WE/ 27900A531000330000WJ/ 27900A531000350000WS


Serán obxecto deste procedemento os Hortos Urbanos do Parque do Rato que se atopen vacantes, ou que queden libres debido a renuncias ou a procedementos sancionadores derivados de incumprimentos das propias autorizacións ou do recollido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación de Lugo (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020). que rexe os hortos, entre a data da apertura do prazo para a presentación de solicitudes, e a data que se fixe para o sorteo dos Hortos vacantes.

Os Hortos son individuais, de 30 metros cadrados e cunhas dimensións de 6x5 metros, delimitados mediante rasillóns cerámicos.

2. Réxime Xurídico.

Rexerán este procedemento de autorización as presentes Bases, o recollido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación de Lugo (BOP nº

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	68/86





156 de 9 de xullo de 2020) e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

En todo o non recollido na anterior normativa, serán de aplicación supletoria as normas contidas no Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Destinatarios.

Para poder acceder á autorización para o uso dos Hortos Urbanos, as persoas ou entidades solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Ser representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións.
- c) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello limdeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.
- d) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Así mesmo segundo o apartado 18 do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de Hortos, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

- a) Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou un Horto, entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.
- b) Tras verse revocada a autorización de uso da Horto a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.
- c) Posuír terreos no Concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.

No caso de persoas cunha autorización en vigor para o uso dun Horto, só poderán solicitar a concesión dunha nova autorización de uso, no caso de que esta finalice, sendo improrrogable, antes dos 6 meses posteriores ao prazo de presentación de solicitudes da convocatoria. Esta circunstancia comprobarase de oficio pola Deputación de Lugo ou no seu caso pola Mesa de seguimento, sendo desestimadas as solicitudes que non cumpran os condicionantes indicados.


4. Prazo da autorización.

A autorización outorgarase por un período inicial de dous anos, prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de 4 anos, salvo renuncia ou denuncia das partes, en cuxo caso a autorización finalizará transcorrido un mes dende a recepción da correspondente comunicación. Esta autorización non será transmisíbel en ningún caso.

5. Gastos esixibles ao adxudicatario.

A autorización de uso outorgarase con carácter gratuíto e non se esixe a constitución de ningún tipo de garantía.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	69/86



6. Presentación de solicitudes.

6.1. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio de apertura no BOP.

6.2. Forma de presentación.

Os interesados presentarán no Rexistro da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da LPACAP:

- 1) Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.
- 2) Solicitude (Anexo I) debidamente cuberta e asinada.
- 3) Declaración responsable (Anexo II) asinada.

Quen compareza ou asine proposicións en nome doutra persoa ou entidade deberá acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixible), certificado da súa representación ou calquera outro documento valido en Dereito que acredite a representación.


4) Certificado de empadramento do solicitante (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

5) Certificado de estar ó corrente e coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

6) A acreditación das circunstancias sociais e persoais que serán tidos en conta para a valoración, no caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de Hortos dispoñibles, acreditaranse mediante a presentación, segundo o caso, de:

- a) Desemprego: Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado/a e o período de inscrición.
- b) Renda per capita (IPREM): Copia da Declaración da renda do ano anterior, de todos os membros da unidade familiar.
- c) Familia numerosa: Título de Familia Numerosa, expedido pola Administración competente ou Copia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais ou Título de Familia Numerosa expedido pola Administración competente.
- d) Xubilado/a: Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredite a condición de xubilado.
- e) Ser usuario/a autorizado ao uso de un Horto, cuxa autorización finaliza en menos de 6 meses: Comprobarase de oficio pola Deputación de Lugo. (Adicionalmente poderase acreditar mediante a presentación da autorización ou notificación expedida pola Deputación de Lugo).
- f) Asociacións: Acreditación de ser representante da asociación e estatutos da asociación ou Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais xunto coa Inscrición no Rexistro de Asociacións, de ser o caso.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	70/86





7. Mesa de seguimento.

O órgano competente para a concesión das autorizacións estará asistido pola Mesa de seguimento (Mesa), un órgano de asistencia encargado de cualificar e comprobar a documentación achegada polos solicitantes, requirir a subsanación de deficiencias e competente para a valoración das solicitudes e a demais documentación achegada polos interesados, elevando posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa estará composta por tres empregados públicos da Área de Medio Ambiente, os cales serán nomeados mediante Decreto de Presidencia.

8. Procedemento.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Mesa reunirase para examinar a documentación presentada polos interesados, determinando se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso de que o número de solicitudes supere ó de Hortos vacantes, requirirá aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, de acordo co punto 6.2, apartado 6 destas bases, no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, no prazo de 10 días hábiles, dende a recepción da correspondente notificación.

O prazo máximo para resolver será de 6 meses dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da Deputación de Lugo. Transcorrido este prazo sen terse notificado resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo.

8.1 Valoración de solicitudes.

No caso de que o número de solicitudes admitidas sexa menor que o de Hortos vacantes, procederase ao sorteo dos Hortos dispoñibles entre os solicitantes admitidos no procedemento, en caso contrario, será precisa unha valoración previa, para a asignación dos Hortos mediante un procedemento de concorrencia, no cal se valorarán aspectos de carácter social, establecendo unha orde de asignación e creando unha listaxe de reserva.

Criterios de valoración Persoas físicas.

Ser desempleado/a e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempleado e o período de inscrición. (Máximo 4 puntos):

Desempleado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).

Desempleado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).

Desempleado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).

Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 200% do IPREM, acreditando esta situación cunha copia da Declaración da Renda do ano anterior ao de inicio do prazo de presentación de solicitudes, de todos os membros da unidade familiar. (Máximo 2 puntos):


a) Renda per cápita anual inferior ao 100% do IPREM (2 puntos).

b) Renda per cápita anual entre o 200% e o 100% (incluídos) do IPREM (1 punto).

Ser familia numerosa, condición que se acreditará mediante achega do Título de Familia Numerosa ou a fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (Máximo 2 puntos):

Familias con máis de 3 descendentes (categoría especial) (2 puntos).

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMBGAIFAA	Página	71/86



Familias con 3 descendentes (categoría xeral) (1 punto).

Xubilado/a, acreditando dita condición mediante a presentación do correspondente certificado. (1 punto).

Criterios de valoración Asociacións – Colectivos.

Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social ou con colectivos vinculados ao medio ambiente e que solicite ese Horto para o colectivo da Asociación. (O outorgamento de Hortos, para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de Hortos adaptados existentes) (5 puntos).

Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar acreditación como representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscripción no Rexistro de Asociacións correspondente.

Ó ser limitados os espazos existentes, no caso de empate na puntuación realizarase un desempate nun sorteo público que se anunciará cunha antelación mínima de 3 días hábiles, mediante a publicación da data, hora e lugar do mesmo no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo.

Criterio de valoración para os actuais usuarios.

Tanto para o caso de persoas físicas; como para Colectivos ou Asociacións, en aplicación da Disposición transitoria do Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, a efectos de garantir que as persoas usuarias autorizadas e cuxa autorización remate, sendo esta improrrogable, manteñan a preferencia na adxudicación de Hortos, conservando unha parcela por unidade familiar, establece o seguinte criterio de valoración:

Persoas usuarias dun Horto, cuxa autorización finaliza en menos de 6 meses e que non teñan incorrido en ningunha circunstancia excluínte do proceso de outorgamento dos hortos. (5 puntos).

8.2 Listaxe provisional e definitiva.


A Mesa é a encargada de examinar o cumprimento dos requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e de proceder a súa valoración. Dita valoración publicarase no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, e de ser o caso, incluírá a relación valorada da listaxe de reservas das solicitudes que non acadaron Horto.

No caso de empates na puntuación, o desempate realizarase mediante un sorteo ao chou.

As listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo, estando exposta para a súa consulta durante 10 días naturais, prazo durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren.

No caso de non recibir alegacións, ás listaxes publicadas pasarán a ser definitivas. De existir alegacións, a Mesa resolverá sobre o seu contido, facendo pública unha nova listaxe, nos mesmos medios, que será definitiva.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	72/86





A listaxe de reservas deberá estar numerada por orde de puntuación e terá unha validez de 2 anos dende a súa publicación definitiva.

8.3 Sorteo de Hortos.

A asignación individualizada de cada Horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, mediante un sorteo público, correspondendo un Horto por cada solicitante e por unidade familiar.

O sorteo será convocado conxuntamente coa apertura de prazo de presentación de solicitudes, indicando día, hora e lugar de celebración do mesmo, celebrándose este dentro dos seguintes 5 meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O sorteo realizarase preferentemente nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, sitas na rúa San Marcos, 8 (Lugo).

8.4 Proposta de outorgamento.

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente para outorgar as autorizacións no que se indique individualmente o Horto asignado a cada interesado. Dita proposta non creará dereito ningún a favor do solicitante proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos procedendo a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público que os autorizará ao uso da parcela asignada nos Hortos Urbanos do Parque do Rato, durante o período de 2 anos prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de 4 anos.

9. Xurisdición competente e interposición de recursos.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta autorización de uso someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Contra as resolucións que poñan fin a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso de reposición, ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ou a interposición de calquera outro recurso que se considere procedente.

10. Outras consideracións.

Os solicitantes, coa presentación da solicitude de participación neste procedemento, comprométese ao cumprimento do Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	73/86



Excma. Deputación Provincial de Lugo, ao mantemento da orde, estado e convivencia nos Hortos e ao mantemento en boas condicións dos materiais e instalacións necesarias para o funcionamento e cultivo dos mesmos.

Anexo I - Solicitude de participación no procedemento de concesión das autorizacións de uso dos hortos urbanos do parque do Rato.

Anexo II - Declaración responsable.

3º.- Fixar a data e hora do sorteo público dos Hortos dispoñibles o próximo día 10 de marzo de 2025, as 10:00 h. no Salón de actos da Deputación de Lugo, sito na rúa San Marcos nº8 (Lugo), dacordo co establecido no punto 8.3 das Bases.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO “MUDAR EN COMÚN: GALIZA 1959-1982. UNHA ANÁLISE SOCIOHISTÓRICA DOS CAMBIOS NO RURAL GALEGO”.

Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “Mudar en común: Galiza 1959-1982. Unha análise sociohistórica dos cambios no rural galego”; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:


Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autora dona Alba Díaz-Geada, na cantidade de trinta e dous euros (32,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trinta euros con setenta e sete céntimos (30,77 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%).

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe Anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 15 de decembro de 2023, ao abeiro da convocatoria en

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	74/86





régime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP nº 104 de 8 de maio de 2023.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica:

“Primeiro: Na Xunta de goberno do día 28 de abril de 2023, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023.

Segundo: Con data 8 de maio de 2023, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da provincia número 104, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

Terceiro: Con data 15 de decembro de 2023, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023, así como as solicitudes desestimadas. Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 289 de data 19 de decembro de 2023.

Cuarto: O punto 11 das Bases da convocatoria, denominado “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Quinto: O punto 12 das bases mencionadas, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación” prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiari, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2024.

(...)

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen que achegase a conta xustificativa, requirirase ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación”.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	75/86



Sexto: Unha vez finalizado o prazo para presentación das correspondentes xustificacións, constatase que as Asociacións que figuran na listaxe anexa, non presentaron a conta xustificativa, requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, motivo polo que, a Presidencia da Deputación de Lugo, con data 20 de xuño de 2024, resolveu:

“1º.- Requirir as beneficiarios relacionados a continuación, para que presenten a documentación sinalada no punto 11 das Bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023.

2º.- Notificar as beneficiarios relacionados a Resolución da Presidencia, indicando que, de acordo co sinalado nos puntos 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e no apartado 3 de artigo 70 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, requíreselle, para que no prazo improrrogable de 15 días, presente a citada documentación xustificativa, advertíndoselle, que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a revogación da subvención concedida”.

Sétimo: Transcorrido o citado prazo de 15 días, o devandito requirimento non foi atendido polos beneficiarios das entidades asociativas que se reflicten na listaxe anexa, polo que a Presidencia desta Deputación, con data 14 de agosto de 2024, resolveu:

“1º.- Que se inste o inicio dos expedientes de perda de dereito ás subvencións concedidas, ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023, por acordo da Xunta da Goberno do día 15 de decembro de 2023, por incumprimento da obriga de xustificación, en virtude dos artigos 34 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.


2º.- Que se notifique aos interesados que dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia, segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no punto 12 das Bases da convocatoria, para alegar e presentar a conta xustificativa da subvención concedida, e que xa lles foi requirida no seu momento.”

Oitavo: Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as Asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron, no Rexistro desta Entidade, alegacións ou a conta xustificativa, requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 15 de decembro de 2023, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	76/86





a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 8 de maio de 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 15 de decembro de 2023, polo que se resolveu o concurso de subvencións de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE
A.C. AMIGOS DAS ARTES O FEITIZO	FESTIVAL DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL	1.068,00
ANPA CEIP ROSALÍA DE CASTRO	BAILE MODERNO, PINTURA. SAMAÍN E NADAL	1.152,00
ANPA CEIP A PONTE	OBRAIDROS DE PERCUSIÓN E SONS TRADICIONAIS	1.026,00
AA.VV. AS CARBALLEIRAS DE BOSENDE	VIAXE CULTURAL	1.068,00
AS BULIDOIRAS	VIAXE CULTURAL	784,00
APA COLEGIO PÚBLICO DE PANTÓN	ESPECTÁCULO MUSICAL " A GRAMOLA GOMINOLA"	1.088,00
ASOC. CULTURAL-VECIÑAL A RIGUEIRA	VIAXE CULTURAL	675,00
AA.VV. AUILAOUCA	VIAXE CULTURAL	944,00
AA.VV. SOCIEDAD DEL PORVENIR DEL CHAO DE LOUSADA	CURSO DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL	1.236,00


2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓN DE CARÁCTER CULTURAL E ADQUISIÓN DE EQUIPAMENTOS CULTURAI NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	77/86



“En relación aos expedientes de xustificación das entidades asociativas culturais que se reflicten na listaxe Anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 15 de decembro de 2023, ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP nº 104 de 8 de maio de 2023.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica:

“Primeiro: Na Xunta de goberno do día 28 de abril de 2023, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023.

Segundo: Con data 8 de maio de 2023, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da provincia número 104, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

Terceiro: Con data 15 de decembro de 2023, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023, así como as solicitudes desestimadas. Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia número 289 de data 19 de decembro de 2023.

Cuarto: O punto 11 das Bases da convocatoria, denominado “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.


Quinto: O punto 12 das bases mencionadas, baixo o epígrafe “ Prazos de xustificación” prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2024.

(...)

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen que achegase a conta xustificativa, requirirase ao beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	78/86





dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación”.

Sexto: Unha vez finalizado o prazo para presentación das correspondentes xustificacións, constatase que as Asociacións que figuran na listaxe anexa, non presentaron a conta xustificativa, requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, motivo polo que, a Presidencia da Deputación de Lugo, con data 20 de xuño de 2024, resolveu:

“1º.- Requirit as beneficiarios relacionados a continuación, para que presenten a documentación sinalada no punto 11 das Bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023.

2º.- Notificar, aos beneficiarios relacionados, a Resolución da Presidencia, indicando que, de acordo co sinalado nos puntos 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e no apartado 3 de artigo 70 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, requíreselle, para que no prazo improrrogable de 15 días, presente a citada documentación xustificativa, advertíndoselle, que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levará consigo a revogación da subvención concedida”.


Sétimo: Transcorrido o citado prazo de 15 días, o devandito requirimento non foi atendido polos beneficiarios das entidades asociativas que se reflicten na listaxe anexa, polo que a Presidencia desta Deputación, con data 14 de agosto de 2024, resolveu:

“1º.- Que se inste o inicio dos expedientes de perda de dereito ás subvencións concedidas, ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023, por acordo da Xunta da Goberno do día 15 de decembro de 2023, por incumprimento da obriga de xustificación, en virtude dos artigos 34 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

2º.- Que se notifique aos interesados que dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia, segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no punto 12 das Bases da convocatoria, para alegar e presentar a conta xustificativa da subvención concedida, e que xa lles foi requirida no seu momento.”

Oitavo: Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron, no Rexistro desta Excma. Deputación Provincial de Lugo, alegacións ou a conta xustificativa,

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	79/86



requisito indispensable para proceder ao abono da subvención, segundo se sinala nos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria.

En base ao antedito, esta Xefatura de Servizo informa:

Que procede declarar a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 15 de decembro de 2023, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023, convocado mediante anuncio publicado no BOP nº 8 de maio de 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten na listaxe anexa, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno de data 15 de decembro de 2023, polo que se resolveu o concurso de subvencións de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2023, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. DE VECIÑOS SAN SEBASTIÁN DE CARBALLIDO	ADQUISICIÓN DUN ORDENADOR E DUN EQUIPO DE SON	1.324,00
SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA MUSICAL LEDICIA	ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E DESHUMIDIFICADOR	1.177,00
ASOC. PENSIONISTAS EL ENJAMBRE	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO TÉCNICO DE SON	958,00
ASOC. DE VECINOS CULTURAL Y DEPORTIVA DE LOS VILLARES	ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS E EQUIPO DE SON	1.178,00
ASOC. DE VECINOS DAS CARBALLEIRAS DE BOSENDE PAREDES	ADQUISICIÓN DE ORDENADOR E EQUIPO DE SON	919,00
ASOC. CULTURAL ABRENTE	ADQUISICIÓN DUN ARMARIO	1.360,00

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO AO COBRAMENTO DE SUBVENCIONS

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	80/86





DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, AÑO 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acordar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento de subvención a beneficiarios de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2023, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xullo de 2023, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.064 do sábado 18 de marzo de 2023, das entidades que se detallan na táboa, polos importes sinalados.


CATEGORIA	NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	Subvención
Actividade competitiva federada 2023	CLUB PETANCA LUGO	PETANCA	1.282,00
Actividade competitiva federada 2023	CLUB BEGONTE FUTBOL VETERANOS (EN CONST)	FÚTBOL	1.132,00
Actividade competitiva federada 2023	ASOC. DEPORTIVA Y CULTURAL MONTE FORTE	FÚTBOL	1.309,00
Actividade competitiva federada 2023	S D NUEVO NAUSTI (EN CONSTITUCION)	FÚTBOL	1.049,00
Actividade competitiva federada 2023	CLUB COLOMBOFILO TERRACHA	COLOMBOFILIA	1.419,00

2º.- Notificar ao beneficiario, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2023, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 28 de xullo de 2023 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN PARA CUBRIR, EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA (1) PRAZA DE PEÓN/ PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓN PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO AÑO

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMV BGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMV BGAIFAA	Página	81/86



2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, unha (1) praza de peón/peoa reparacións vías provinciais, cota xeral, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.


Celebrado o procedemento selectivo, a vista da proposta do Tribunal Cualificador publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo o día 26.04.2024, conséntase que, tanto a persoa seleccionada como a primeira persoa que figura na proposta da orde de persoas para asegurar a cobertura de vacantes e para a incorporación nas listaxes de emprego temporal, foron contratadas como consecuencia doutros procesos selectivos.

A vista do anteriormente sinalado e tendo en conta que a seguinte persoa aspirante proposta, que figura no número 2 da orde de inclusión na dita listaxe de emprego temporal, presenta a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo así os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Diego Ferreiro Rodríguez, para ocupar a praza número 3322, denominada peón/peoa reparacións vías provinciais, agrupacións profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, adxudicándolle o posto de traballo denominado peón/peoa reparacións vías provinciais entrada número 1437, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	82/86





15.- PROPOSTA DE PASE Á SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS, DUNA TÉCNICA DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Dona Marta de Dios Crespo, Técnica Comunicación Audiovisual, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo A – subgrupo AI do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo presenta escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral da Entidade Provincial o día 17 de setembro de 2024 (Nº 2024RT016284) no que solicita o pase á situación de servizos especiais como consecuencia do seu nomeamento como Persoal Eventual, todo elo con efectividade do día 18 de setembro de 2024.

Dada a inminencia temporal da solicitude, a Presidencia, á proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo e atendendo a razóns de urxencia adoptou unha Resolución sobre este asunto, con data 18 de setembro de 2024, onde resolveu:

“Declarar a Dona Marta de Dios Crespo na situación de Servizos Especiais con efectividade do día 18 de setembro de 2024, como consecuencia do seu nomeamento como Persoal Eventual, a expensas da súa posterior aprobación pola Xunta de Goberno.”

As situacións administrativas do persoal funcionario das Administracións Locais, conforme ao disposto no artigo 140 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local, regularanse polo disposto na normativa básica estatal, é dicir, polo establecido no Título VI do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público –EBEP-; e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios da Administración do Estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público –EBEP-, no seu art. 87.1 i) e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia –LEPG- no seu art. 167 l) establecen que o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de servizos especiais cando sexa nomeado para realizar funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial e non opte por permanecer na situación de servizo activo.

Por canto antecede, vistos os informes dos servizos, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o establecido polo artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril,

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	83/86



Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico de Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3 de setembro do 2020), a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, acorde:

Ratificar integramente o contido da Resolución da Presidencia de 18 de setembro de 2024, e ,en consecuencia:

Declarar en situación administrativa de Servizos Especiais a Dona Marta de Dios Crespo, Técnica Comunicación Audiovisual, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo A – subgrupo AI do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, como consecuencia do seu nomeamento como Persoal Eventual na Deputación Provincial de Lugo, con efectividade do día 18 de setembro de 2024.

Dona Marta de Dios Crespo poderá permanecer nesta situación mentres se manteña a relación de servizos como Persoal Eventual na Deputación Provincial de Lugo. Producido o cesamento, deberá solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo dun mes dende que finalice a causa da situación. Se no se solicita, de oficio pasarase a excedencia voluntaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

No se presentan

ASUNTO DE URXENCIA


Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de aprobación, se procede, da concesión dos premios “Lugo cambia ao turismo lucense”, dos premios “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense” e do “Premio turismo sostible” correspondentes á anualidade 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que con data 31 de maio de 2024 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou a aprobación do gasto, da convocatoria e das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos premios “Lugo cambia ao turismo Lucense”, do “Premio turismo sostible” e do Premio “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2024.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	84/86





Vista a publicación da convocatoria e das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia nº 128 de data 4 de xuño de 2024.

Vista as seguintes candidaturas presentadas:

CANDIDATURA	NUMERO EXPEDIENTE	DATA PRESENTACIÓN	MODALIDADE
RUTA DOS LOBOS (ASOC FONSAGRADA BALONPIÉ)	2024/PES_03/014672 SUBSANADO EN 2024/PLC_01/000005	03/07/2024	PREMIO LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE
COMPLEXO HISTÓRICO - RECREATIVO DAS MINAS CONSUELO E BOULLOSO (CONCELLO DA PONTENOVA)	2024/PLC_01/000006	05/07/2024	PREMIO LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE
FEIRA DO CAPÓN DE VILALBA (CONCELLO DE VILALBA)	2024/PLC_01/000003	03/07/2024	PREMIO... E PARA COMER LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE
FESTA DA CEREIXA, DO VIÑO E DO ACEITE DE RIBAS DE SIL (CONCELLO DE RIBAS DE SIL)	2024/PLC_01/000004	04/07/2024	PREMIO... E PARA COMER LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE
MOSTRA EXPOSICIÓN DE MUJIMENTA.- MOEXMU (ASOC DE EMPRESARIOS DE MUJIMENTA)	2024/PLC_01/000001	06/06/2024	PREMIO TURISMO SOSTIBLE
BARCO MUSEO BONITERO REINA DEL CARMEN (CONCELLO DE BURELA)	2024/PLC_01/000002	02/07/2024	PREMIO TURISMO SOSTIBLE

Vista a acta do Consello Extraordinario de Turismo celebrado con data 13 de setembro de 2024 no Pazo de San Marcos e que tivo como punto da orde do día o estudo, análise e valoración das candidaturas aos Premios de Turismo 2024.

Visto o informe do Servizo de Turismo previo ao acordo de concesión dos premios e emitido de conformidade co punto décimo das bases reguladoras da convocatoria.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a concesión dos Premios “Lugo Cambia ao turismo lucense” ás seguintes candidaturas:

Ruta dos Lobos da Fonsagrada (Asociación Fonsagrada Balompié)
Complexo Histórico e Recreativo das Minas Consuelo e Boulloso do Concello da Pontenova.

2º.- Aprobar a concesión dos Premios “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense” ás seguintes candidaturas:

Feira do Capón de Vilalba.
Festa da cereixa, do viño e do aceite do Concello de Ribas de Sil.

3º.- Aprobar a concesión do “Premio Turismo Sostible” á candidatura do Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen do Concello de Burela.

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	85/86



4º.- Aprobar a concesión dun accésit ao “Premio Turismo Sostible” á candidatura da Mostra Exposición de Muimenta (MOEXMU) presentada pola Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Muimenta.

5º.- Aprobar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Fecha y Hora	27/09/2024 11:28:48
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2CRDLM6D3OMOSMVBGAIFAA	Página	86/86

